

Limiar

O volume que tes nas mans é o resultado dos relatorios e dos obradoiros que se desenvolveron o 30 de novembro e o 1 de decembro de 2011 no Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña dentro das VIII Xornadas sobre Lingua e Usos que, nesta ocasión, responderon ao subtítulo de Lingua e Ecoloxía. As xornadas foron organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística desta universidade coa colaboración da Real Academia Galega e o financiamento da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para as persoas que asististes á totalidade das sesións, tan relevante foi a presenza de todas as persoas convidadas nesta edición, coa asistencia de especialistas en temas de plurilingüismo e de estudo sobre as linguas ameazadas no planeta e as súas consecuencias sobre as identidades e a diversidade lingüística como a magnífica tradución simultánea do inglés ao galego que ofreceu Robert Neal Baxter, de cuxo intenso labor queremos deixar constancia tamén por escrito nestas páxinas. Igualmente fundamental para ofrecermos a versión en galego nestas actas das intervencións de Robert Phillipson e de Tove Skutnabb-Kangas foi o traballo de Mabel Cambeiro, que traduciu os textos e os materiais que nos achegaron estas dúas persoas cun amplo historial de investigación a prol das linguas dominadas. Procuramos sintetizar a ampla exposición da profesora Skutnabb-Kangas, que pretendía abranxer os moitos e complexos ámbitos de intervención sobre as políticas lingüísticas respectuosas coa diversidade e a xustificación en que pode basearse o seu desenvolvemento. Para as persoas que quixeren consultar a súa intervención íntegra, as gravacións están dispoñíbeis no enderezo electrónico http://www.udc.es/snl/oitavas_xornadas_lingua_usos.html. Conste, pois, a miña gratitude polo esforzo realizado tanto por Robert Neal Baxter e por Mabel Cambeiro como por Mónica Vázquez Laíño e Cathia Capelán Díaz, que axudaron na organización tanto nos días previos á realización das xornadas como,

fundamentalmente, o 30 de novembro e o 1 de decembro. Por outra parte, este servizo conta sempre co apoio das tres persoas que conforman o seu equipo técnico, Xesús Mosquera Carregal, Sara Pino Ramos e Marisol Ríos Noia, a quen desexo igualmente parabenizar por chegarmos a un número de edicións que significa a consolidación desta e doutras actividades de dinamización lingüística que botamos a andar na Universidade da Coruña a partir do ano 2004. Neste apartado de agradecementos, cómpre tamén mencionar o estupendo labor desenvolvido por Paulo M. Lema que participou tamén na organización destas xornadas para logo se incorporar a unha praza de lector na Universidade de Deusto.

Canto ás achegas que ides poder ler e consultar, para alén da tradución dos relatorios de Tove Skutnabb-Kangas e de Robert Phillipson do inglés, ofrecemos igualmente a versión ao galego do de Carme Junyent, un texto de total actualidade nuns momentos en que continuamos a padecer os efectos dunha intencionada redución do plurilingüismo que quer se identifica co coñecemento e o uso do inglés quer se restrinxen unicamente a unhas poucas linguas asociadas co poder e o prestixio. A súa magnífica exposición oral sobre o Decálogo para a Sustentabilidade Lingüística deixounos un abano de argumentación con que afrontar situacións que parecen conducir irremediabelmente á perda da riqueza lingüística con que convivimos mesmo sen nos decatarmos.

O texto que presentou na Coruña Ana Isabel de Andrade, profesora da Universidade de Aveiro, decidimos deixalo nese mesmo portugués en que con tanta clarezza e entusiasmo se dirixiu a nós para nos presentar unha experiencia de construción educativa para a intercomprensión das linguas románicas no ensino primario, un aspecto en que conflúen moi diferentes lingüísticas e persoal investigador mais que non ten repercusión inmediata directa nas directrices políticas que se producen no Estado español, moi afastadas do verdadeiro coñecemento científico nesta materia.

Un complemento perfecto aos relatorios até agora sinalados é o defendido pola profesora da Universidade de Santiago de Compostela, Teresa Moure, sobre a necesidade de percorrermos os camiños entre o activismo lingüístico e o ecolóxico tecendo redes entre eles. O texto ofrécenos numerosos exemplos didácticos e pretende que a comunidade universitaria reflexione sobre o significado profundo da intervención e da planificación lingüística.

O relatorio de María López Sánchez sitúanos na modernidade de nos construírmos na paisaxe e nas potencialidades identitarias que posúe o territorio. O texto desta investigadora da Universidade de Santiago de Compostela ofrece exemplificacións de au-

tores e autoras clásicas da nosa literatura, nunha liña reivindicadora da construción a través da nosa ollada particular da paisaxe, na defensa das cosmovisións que se agochan detrás das linguas e dos espazos.

O taballo da profesora López Sánchez partilla temas e ligazóns coa contribución de Isabel Vilalba, centrada na análise dun imaxinario literario galego que chega á contemporaneidade para nos situar no concepto do Ecofeminismo.

A reivindicación do patrimonio cultural desde a perspectiva de o pór en valor como útil e totalmente incardinado na vida cotiá, fuxindo da súa musealización está magnificamente defendida na proposta que recolle o labor feito nas últimas décadas por Manuel Gago.

Por outra parte, a defensa dunha produción sustentábel desde a Ecoagricultura e a aposta pola soberanía alimentaria situou perfectamente a idea de ser a compra un verdadeiro acto político que pode transformar o mundo. Este traballo, en que coinciden diferentes asociacións, foi trasladado nestas xornadas, en representación da Fundación Galicia Verde, por Mabel Rivera coa colaboración de Enrique Banet que tamén nos acompañou.

A conferencia de clausura correu a cargo do profesor Robert Phillipson, que nos alerta, desde a súa posición privilexiada, dos perigos de nos diluírmos nunha única lingua de cultura e de prestixio, algo que atinxe tamén ao mundo universitario. Cómpre lembrarmos aquí algunhas das súas palabras, onde denuncia que se establezan unidades educativas (tamén universitarias) anglófonas por todo o mundo, unha nova maneira de a globalización impactar na educación. Desta maneira, a educación (tamén a superior) estase a converter nunha oportunidade de negocio en vez de ser de dominio público, ademais dun dereito de educación gratuita para todo o mundo. Recoñecer-mos este feito debería significar estarmos alerta sobre os procesos de integración e de homoxeneización cultural que padecemos, como ben sinala Phillipson neste mesmo volume:

Os comunicados das reunións bianuais dos ministros de Educación Superior e Investigación nunca se refiren á política lingüística. Nunca se fai referencia a que os intercambios poidan servir para que os alumnos consigan unha boa competencia en dúas linguas que é algo ao que podían aspirar estes intercambios, porén nunca se tratou esta cuestión. Isto significa explicitamente que a internacionalización se ve como a educación superior co inglés como lingua vehicular e ocorre así xa nos estudos de terceiro ciclo mais non sabemos se poderá no futuro filtrarse cara aos niveis inferiores.

A parte lúdica e sempre interesante estivo representada nesta edición polo obradoiro de músicas vexetais que desenvolveu Emilio Lois Blanco e pola sesión de contacontos que nos trouxo Anxo Moure, quen tamén nos agasallou non só coas xacias senón coa presenza dun neno Teixo de poucos meses de idade.

Coa intención de contribuírmos a que investigacións lingüísticas tan rigorosas e alternativas como as que aquí ofrecemos sexan divulgadas e xulgadas coa relevancia que merecen, editamos este volume. Para que algún día Teixo poida ler as súas páxinas no medio dunha fraga vizosa ateigada de árbores que a comunidade universitaria plantou simbolizando a súa intención de defender a diversidade lingüística e cultural tamén desde o espazo dos estudos superiores.

A Coruña, 12 de xuño de 2012

GORETTI SANMARTÍN REI

Servizo de Normalización Lingüística